

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Traballo e Benestar

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Relacións Laborais

Resolución de inscrición e publicación da modificación do convenio colectivo de A.S.P.A.N.E.P.S. (Ferrol)

Visto o texto da acta da subscrita o día 8 de abril de 2013 pola comisión negociadora do convenio colectivo de AS.PA.N.E.P.S. (FERROL) (código 15004472012007), na que se acorda a modificación do mesmo, de conformidade co disposto no artigo 90.2 e 3. do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto dos traballadores, no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo e e na Orde de 29 de outubro de 2010 pola que se crea o Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia

ESTA XEFATURA DE TRABALLO E BENESTAR

RESOLVE:

1.º.-Ordenar a súa inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.º.-Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña

A Coruña, 25 de abril de 2013.

Xefa territorial

MARÍA PILAR CARIDAD ALONSO

ACTA DE SINATURA DA COMISIÓN NEGOCIADORA DO CONVENIO COLECTIVO DE DE A.S.P.A.N.E.P.S.

En Ferrol (A Coruña), o día 8 de abril de 2013, reúnese a comisión negociadora do convenio colectivo de ASPANEPS co persoal da empresa en Ferrol, formada, dunha parte, pola representación dos traballadores Ana Vargas Díaz, con D.N.I. 32628574-S, delegada de persoal pola CIG e, doutra, Paula M.^a Martínez Fernández, con D.N.I. 32809974-Z, responsábel da asociación en representación da empresa.

Despois das reunións celebradas, chégase ao seguinte

ACORDO:

Modificación do artigo 3 do convenio colectivo de ASPANEPS (código convenio 1504472)

que queda redactado nos seguintes termos: Ao remate da vixencia do convenio, este quedará prorrogado automaticamente de ano en ano. A denuncia daquel por calquera das partes, non suporá o seu decaemento namentras non se chegue a un acordo que remate ben coa sinatura dun novo convenio, ben coa prórroga do preexistente.

Autorízase a Francisco Xabier Cartelle Pérez, con D.N.I. 32656027-Y, para o rexistro e posterior publicación diante da autoridade laboral.

En proba de conformidade, asíñase a presente acta no lugar e data do encabezamento.

A representante da entidade

A representante sindical

Asdo.: Paula M.^a Martínez Fernández

Asdo.: Ana M.^a Díaz Vargas

2013/5454